



Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña.

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Expediente: IN408A 2019/15

Denominación do proxecto: Proxecto sectorial Parque eólico O Cerqueiral.

Promotor: GREENALIA WIND POWER O CERQUEIRAL, S.L.U.

Asunto: Solicitud de informe técnico.

Clave: DXDM 22/107

ANTECEDENTES

O 05.04.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural desde o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de A Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación un informe sobre "PROXECTO SECTORIAL PARQUE EÓLICO O CERQUEIRAL" situado nos concellos de Coristanco, Cabana de Bergantiños e Santa Comba na provincia de A Coruña.

O 07.06.2022 solicitouse mediante o rexistro electrónico da Xunta de Galicia ó Servizo de Prevención de Incendios Forestais da provincia de A Coruña un informe para poder dar contestación ao Servizo de Enerxía e Minas.

O 01.07.2022 recibíuse ó informe realizado polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais A Coruña da Consellería do Medio Rural, no que se informa sobre o proxecto "PROXECTO SECTORIAL PARQUE EÓLICO O CERQUEIRAL", condicionado ao cumprimento das prescricións do Estudo de Impacto Ambiental e ao mantemento do establecido para as redes primarias de faixas de xestión de biomasa na lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

No informe recibido polo Xefe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de A Coruña fai constar o seguinte:

- *"As infraestruturas proxectadas sitúanse parcialmente sobre a superficie afectada polos incendios forestais con número de parametrizado 2010150035, 2010150887, 2011150445 e 2015150409 (ver plano adxunto)."*

DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

T. + 34 881 996 391

defensadomonte.mediorural@xunta.gal

mediorural.xunta.gal





A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 20 bis - Redes primarias de faixas de xestión de biomasa, apartado c), as seguintes obrigas de xestión de biomasa:

"c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

.....
Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluírá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter. "

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia no seu artigo 59. Cambio de uso forestal establece que:

"1. O cambio de uso forestal dun monte, cando non viñese motivado por razóns de interese xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 28.2 da presente lei e da normativa ambiental aplicable, terá carácter excepcional, requirindo informe favorable do órgano forestal e, no seu caso, do titular do monte.

2. A Administración forestal competente poderá regular un procedemento máis simplificado para a autorización do cambio de uso naquelas plantacións forestais temporais para as cales se solicitase unha reversión a usos anteriores non forestais.

3. En terreos afectados por incendios forestais, non poderá producirse un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderán acordarse excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estivese contemplado:

a) Nun instrumento de plan previamente aprobado.

b) Nun instrumento de plan pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública

c) Nunha directriz de política agroforestal que contemple o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado de abandono que non estivesen arborizados con especies autóctonas."

INFORME

En base ó anterior e tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas (mantemento permanente do acceso dos medios dos servizos de






prevención de incendios forestais) infórmase FAVORABLEMENTE a realización do proxecto de PROXECTO SECTORIAL PARQUE EÓLICO O CERQUEIRAL situado nos concellos de Coristanco, Cabana de Bergantiños e Santa Comba na provincia de A Coruña.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director xeral de Defensa do Monte
Manuel Rodríguez Vázquez





Incendios forestais na área de afección do PE O Cerqueiral, accesos e infraestrutura, nos concellos de Coristanco, Cabana de Bergantiños e Santa Comba, no período 2010-2021 na provincia da Coruña.

ESCALA 1:35.000

